

Resolución pola que se declara finalizado o expediente de información pública do proxecto de construción: Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016-2020: mellora da seguridade viaria (MSV) no entorno de tramos de concentración de accidentes (TCA) na estrada PO-552, punto quilométrico 6+500 a 7+800, de clave: PO/17/145.06, e se deixa sen efecto a súa tramitación.

Antecedentes de feito:

Primeiro. No DOG núm. 17, do 24 de xaneiro de 2018, publicouse o Anuncio de 9 de xaneiro de 2018 polo que se somete ao trámite de información pública a separata para información pública do proxecto de construción do Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016-2020: mellora da seguridade viaria (MSV) no entorno de tramos de concentración de accidentes (TCA) na estrada PO-552, punto quilométrico 6+500 a 7+800, de clave: PO/17/145.06, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo citado proxecto, para os efectos do previsto no artigo 56.1 do Regulamento da lei de expropiación forzosa, aprobado polo Decreto de 26 de abril de 1957.

Segundo. As administracións afectadas emitiron os correspondentes informes, e no trámite de información pública formuláronse alegacións polas persoas interesadas. A todas elas déuselles resposta motivada, segundo figura no informe que consta no expediente, que lle foi notificado ás administracións ás que se lles deu trámite de informe e aos particulares que presentaron alegacións.

Fundamentos de Dereito:

Primeiro.- A Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade é competente para resolver os expedientes de información pública en materia de estradas e informe das administracións afectadas, así como aprobar definitivamente os estudos informativos ou, de ser o caso, os anteprojectos ou proxectos que asuman a súa función segundo o previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, de acordo co Decreto 26/2019, do 7 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. Esta competencia atópase delegada na persoa titular da dirección da Axencia Galega de Infraestruturas, segundo o artigo 8.1.b) da Orde do 7 de setembro de 2017 sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico e noutros órganos e entidades públicas adscritos a esta consellería (DOG n.º 179, do 20 de setembro).



Segundo.- O artigo 21.4 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, establece que transcorridos os prazos dos trámites de información pública e informe das administracións afectadas e recibidas as alegacións e informes presentados, darase resposta motivada ás alegacións formuladas. O informe resultante poñerase á disposición das persoas interesadas e notificaráselles ás administracións ás que se lles dese trámite de informe e aos particulares que presentasen alegacións. Finalmente, resolverase tamén sobre a aprobación do expediente de información pública.

Logo de revisados os informes emitidos e as alegacións formuladas, e valoradas novamente as necesidades da entorna, así como a solicitude do Concello de Nigrán relativa a proposta dunha solución e mellora da seguridade viaria con menos incidencia na entorna, propónse o arquivo do proxecto de construción Plan de seguridade viaria de Galicia 2016-2020: Mellora da seguridade viaria (MSV) na contorna de tramos de concentración de accidentes (TCA) na estrada PO-552, punto quilométrico 6+500 a 7+800, de clave PO/17/145.06, así como a redacción dun novo proxecto que unha vez elaborado, será novamente sometido a información pública.

Terceiro.- O artigo 22.2 da citada Lei 8/2013, do 28 de xuño, establece que no caso de estudos ou proxectos sometidos aos trámites de información pública e informe das administracións afectadas, unha vez emitido o informe sobre as alegacións presentadas, o órgano competente da administración promotora da actuación debe adoptar a correspondente resolución, que pode ser de aprobación definitiva de todo o ámbito do estudo ou proxecto ou ben só dunha parte deste. A resolución tamén pode deixar sen efecto a tramitación do estudo ou proxecto ou parte deste, ou ben pode acordar a suspensión, total ou parcial, da súa tramitación.

De acordo con todo o exposto,

RESOLVO

1.- Declarar finalizado o expediente de información pública do proxecto de construción Plan de seguridade viaria de Galicia 2016-2020: Mellora da seguridade viaria (MSV) na contorna de tramos de concentración de accidentes (TCA) na estrada PO-552, punto quilométrico 6+500 a 7+800, de clave PO/17/145.06, coas consideracións que se indican no fundamento de dereito segundo.



2.- Deixar sen efecto a tramitación do proxecto de construción Plan de seguridade viaria de Galicia 2016-2020: Mellora da seguridade viaria (MSV) na contorna de tramos de concentración de accidentes (TCA) na estrada PO-552, punto quilométrico 6+500 a 7+800, de clave PO/17/145.06. Procederase á redacción dun novo proxecto que, unha vez elaborado, será novamente sometido a información pública.

Contra esta resolución, que lle pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular un recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co establecido nos artigos 10, 14 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A Conselleira de Infraestructuras e Mobilidade

Por delegación, Orde do 07/09/2017, Diario Oficial de Galicia 20/09/2017

O director da Axencia Galega de Infraestructuras

Francisco Menéndez Iglesias

